

# **ANEXO I: PLAN ANUAL DE LECTURA.**

## **1. OBXECTIVOS**

O plan lector para este curso 2020-2021 pretende acadar os seguintes obxectivos:

- ✓ Favorecer o desenvolvemento da competencia lectoescritora
- ✓ Colaborar na formación de lectores autónomos e críticos
- ✓ Potenciar o hábito lector e a competencia lectora desde todas as materias.
- ✓ Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- ✓ Fomentar a creatividade.
- ✓ Integrar a biblioteca escolar como fonte de información e pracer.

## **2. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL**

O desenvolvemento do proxecto lector do centro establece un tempo diario de lectura para todo o alumnado de E.S.O. mediante un calendario anual. Este calendario será de aplicación desde o 1 de outubro até o 31 de maio de cada curso escolar. Nos últimos 15 días da primeira e segunda avaliación este calendario será opcional, é dicir, o profesorado decidirá en función dos exames se mantén a actividade ou mesmo se a amplía.

As actividades relacionadas co fomento da lectura serán establecidas nas programacións didácticas dos distintos departamentos.

A biblioteca só se poderá utilizar como espazo de lectura no caso de que fose reservada con tempo na folla correspondente habilitada para tal fin na biblioteca. É importante que o alumnado dispoña do libro ou documento con anterioridade a cada sesión.

## **3. PROXECTO DOS CLUBS DE LECTURA: Xelmirezle**

No IES Xelmírez I funcionan desde hai tres cursos, distintos clubs de lectura:

Este curso intentaremos continuar cos clubs de lectura do alumnado “**Poza dos libros, bar de lecturas**” para alumnado de 4º de ESO e “ **XelmilectorXs** “ para 3º da ESO, “**As grumetes de Antílope**” para alumnado de 2º de ESO o club de lectura **Palabras Compartidas** de adultos, no que coincidimos profesorado, nais/pais e persoal non docente, e este ano comenará a funcionar outro club de lectura “ **Xelmirez 1ºESO**” para alumnado de 1º de ESO

## FINALIDADES.

A finalidade primordial deste proxecto é fomentar o gusto pola lectura como forma de diversión e ocio. Desexamos seguir compartindo o gusto pola lectura como diversión e como aprendizaxe. Ler axiliza a intelixencia, fomenta a capacidade de pensar e o sentido crítico das persoas.

A lectura é un instrumento esencial no desenvolvemento intelectual e humano dos/as adolescentes, e ademais:

- Estimula a curiosidade intelectual
- Mellora os coñecementos. Quen le, aprende
- Mellora a competencia lingüística, o vocabulario e a ortografía
- Axuda a pensar, esperta o sentido crítico
- Descobre novas afeccións
- Desenvolve a fantasía e a creatividade.

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS.

### 1. CLUB DE LECTURA “**Poza dos libros, bar de lecturas**”

- Este club de lectura está dirixido ao alumnado de 4º de ESO
- A persoa responsábel do funcionamento do club de lectura é Carme Moure Espiño, profesora de Lingua Galega e Literatura que forma parte do equipo da biblioteca

- Este curso trataremos de facer unha lectura cada cinco semanas, leremos obras preferentemente en galego
- Están programadas as seguintes actividades:
  - Selección de temáticas e títulos.
  - Convidar en determinadas sesións a especialistas no xénero: debuxantes, lectores expertos, libreiros...
  - Sesións de cine: seguindo a dinámica de cursos anteriores, contrastamos as adaptacións ao cine e a obra literaria.
  - Visitas ou roteiros literarios, (dependendo de que a situación sanitaria nolo permita)
- As reunións presenciais serán **os martes** a partir das 14.30 até as 16. 20 horas, na BIBLIOTECA. Ao comezo de cada trimestre márcanse as datas das reunións que se celebrarán cada cinco semanas.

## 2.- CLUB DE LECTURA “XelmilectorXs”:

- Este club de lectura está dirixido ao alumnado de 3º ESO.
- A persoa responsábel do funcionamento do club de lectura é Leire Porrall Combarro, profesora de Lingua Galega e Literatura e que se incorpora este ano ao instituto e ao equipo da biblioteca.
- Este curso 2020-21 trataremos de facer lecturas temáticas, como nos anos anteriores.
- Están programadas as seguintes actividades:
  - Selección de temáticas e títulos.
  - Convidar en determinadas sesións a especialistas no xénero: debuxantes, lectores expertos, libreiros...
  - Sesións de cine: seguindo a dinámica de cursos anteriores, contrastamos as adaptacións ao cine e a obra literaria.
  - Visitas ou roteiros literarios (dependendo de que a situación sanitaria nolo permita)

- As reunións presenciais serán **os martes** a partir das 14:30 até as 16:20 horas, na BIBLIOTECA. Ao comezo de cada trimestre márcanse as datas das reunións que se celebrarán cada tres ou catro semanas.

### 3.- CLUB DE LECTURA “**As grumetes de Antílope**”:

- Este club de lectura está dirixido ao alumnado de 2º ESO.
- A persoa responsábel do funcionamento do club de lectura é Fernando Gómez Montiel, profesor de Lingua Castelá e Literatura e que se incorpora este ano ao instituto e ao equipo da biblioteca
- Este curso 2020-21 trataremos de facer lecturas temáticas.
- Están programadas as seguintes actividades:
  - Selección de temáticas e títulos.
  - Convidar en determinadas sesións a especialistas no xénero: debuxantes, lectores expertos, libreiros...
  - Sesións de cine: seguindo a dinámica de cursos anteriores, contrastamos as adaptacións ao cine e a obra literaria.
  - Visitas ou roteiros literarios (dependendo de que a situación sanitaria nolo permita)
- As reunións presenciais serán **os martes** a partir das 14:30 até as 16:20 horas, na BIBLIOTECA. Ao comezo de cada trimestre márcanse as datas das reunións que se celebrarán cada tres ou catro semanas.

### 4- CLUB DE LECTURA “**Palabras compartidas**” (LECTORES ADULTOS)

- No grupo lector de adultos están presentes todos os estamentos da comunidade educativa: nais/pais, profesoras/es e persoal non docente.
- A persoa responsábel do funcionamento do club de lectura é Olga Iglesias de la Fuente, profesora de Lingua Galega e Literatura que forma parte do equipo da biblioteca
- A boa acollida das actividades desenvolvidas nos cursos pasados lévanos a mantelas durante este curso escolar 2020-21:
  - Lecturas de clásicos e novidades editoriais

Poesía vivida: lecturas de poemas escollidos polos lectores/as.

Encontros con escritores

Caderno de Bitácora publicado no blog.

Cadernos persoais de lecturas.

Asistir a sesións de cine, teatro, conferencias...

- As reunións presenciais dos adultos están previstas para **os martes ás 18.00 horas** na BIBLIOTECA do centro. Serán cada catro ou cinco semanas.

## ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A dinámica de funcionamento experimentada nos cursos pasados acadou moi boa aceptación por parte dos grupos lectores. Este curso repiten experiencia moitos deles, polo que continuaremos co mesmo funcionamento que consiste basicamente en:

- Consensuar temas, lecturas e actividades
- Asistir ás reunións e postas en común nos horarios previstos
- Documentar con outras materias os distintos aspectos dos temas tratados
- Asistir ás proxeccións dos filmes adaptados das obras literarias.
- Manter contactos non presenciais a través do correo electrónico, do whatsapp e o blog .

## MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR.

As actividades daranse a coñecer :

- Con **carteis impresos** nos taboleiros da biblioteca e da sala de profesores, nos corredores do instituto e nas aulas.
- No facebook do Instituto

Na blog **da biblioteca:** [bibliotecaxelmirez1.blogspot.com](http://bibliotecaxelmirez1.blogspot.com)

Nos blogs dos clubs de lectura : <http://5palabrascompartidas.blogspot.com/>

<http://pozadoslibro.blogspot.com>

<http://xelmilectorxs.blogspot.com/>

No Instagram bibliotecaxelmirez1

- A través de material elaborado polos clubs de lectura: marcadores de libros, libriños en miniatura, tarxetas, postais, etc.
- Exposicións temáticas.

#### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Para a avaliación deste plan terase en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Cumprimento dos obxectivos.
- Organización de espazos e tempos
- Uso e organización da biblioteca.
- Estratexias de comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Integración das TIC no plan.
- Implicación das familias e do entorno.